



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2014

Instituto da Lingua Galega



Edita
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela
Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
A Coruña

Correo electrónico: ilgsec@usc.es
Páxina web: <http://ilg.usc.es/>
Teléfonos
+34 8818 12810
+34 8818 12802
Fax
+34 81572770

Universidade de Santiago de Compostela, outubro de 2015

Índice

LIMIAR.....	5
RELACIÓN DE LIÑAS E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN	7
A. PROXECTOS PROMOVIDOS NO SEO DO ILG.....	7
1. ARQUIVO DO GALEGO ORAL (AGO).....	7
2. ANÁLISE DIALECTOMÉTRICA DOS DATOS DO ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO.....	8
3. ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO (ALGA).....	8
4. BIBLIOTECA DIXITAL DA GALICIA MEDIEVAL (BGM).....	9
5. CONSTRUCIÓN VERBAIS E SINTAXE DA ORACIÓN (CONVERSO).....	10
6. CAMBIO LINGÜÍSTICO NO GALEGO ACTUAL.....	11
7. CORPUS ORAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (CORILGA)	12
8. DICIONARIO DE PRONUNCIA DA LINGUA GALEGA.....	13
9. DICIONARIO DOS APELIDOS GALEGOS.....	13
10. BASES DE DATOS ONOMÁSTICOS	14
11. EDICIÓN DA COLECCIÓN DIPLOMÁTICA DOS DOCUMENTOS GALEGOS MEDIEVAIS	15
12. EDICIÓN E ELABORACIÓN DOS MATERIAIS GALEGOS DO ALPI (ATLAS LINGÜÍSTICO DE LA PENÍNSULA IBÉRICA)	16
13. GONDOMAR. CORPUS DIXITAL DE TEXTOS GALEGOS DA IDADE MODERNA. CATALOGACIÓN, MULTIEDICIÓN, GLOSARIO E ESTUDO	16
14. GRAMÁTICA DA LINGUA GALEGA.....	17
15. CORPUS DE TEXTOS ANTIGOS DE GALICIA (COTAGAL).....	17
16. GRAMÁTICA HISTÓRICA DA LINGUA GALEGA (GHLG)	19
17. INVENTARIO TOPONÍMICO DA GALICIA MEDIEVAL (ITGM).....	19
18. TESOURO INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (TILG)	20
19. TESOURO DO LÉXICO PATRIMONIAL GALEGO E PORTUGUÉS.....	20
20. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (TMILG).....	23
21. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA CASTELÁ- -GALICIA (TMILC-G)	24
22. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA LATINA- -GALICIA (TEMILL-G)	24
23. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA PORTUGUESA (TMILP)	25
24. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA LATINA- -PORTUGAL (TMILL-P)	25
PROXECTOS PROMOVIDOS POR OUTRAS INSTITUCIÓNS	26
1. ADQUISICIÓN DE ESCENARIOS DE CONOCIMIENTO A TRAVÉS DE LA LECTURA DE TEXTOS: DESARROLLO Y APLICACIÓN DE RECURSOS PARA EL PROCESAMIENTO LINGÜÍSTICO DEL GALLEGO (SKATER-UVIGO)	26
2. GALLAECIAE MONUMENTA HISTORICA	26
3. DICTIONNAIRE ÉTYMOLOGIQUE ROMAN (DÉROM). DEUXIÈME PHASE: LE NOYAU PANROMAN 2.....	26
4. LIBROS, MEMORIA Y ARCHIVOS: CULTURA ESCRITA EN MONASTERIOS CISTERCIENSES DEL NOROESTE PENINSULAR (SS. XII Y XIII)	26
5. PROYECTO DE RECOPILACIÓN, ANÁLISIS Y NORMALIZACIÓN DE LA TOPONIMIA ANDALUZA	27

6. PEDRO DE BARCELOS E A MONARQUIA CASTELHANO-LEONESA. ESTUDO E EDIÇÃO DA SECÇÃO FINAL INÉDITA DA CRÓNICA DE 1344.....	27
7. CORPUS DE REFERENCIA DO GALEGO ACTUAL (CORGA)	27
8. COBRIR O CORPO	27
 CONSULTAS DA PÁGINA WEB DO CENTRO.....	 29
 PRESENZA NO REPOSITORIO MINERVA.....	 31
 ORGANIZACIÓN DE CURSOS, CONFERENCIAS E ENCONTROS LINGÜÍSTICOS	 33
A. CURSOS DE VERÁN DE LINGUA E CULTURA GALEGAS PARA PERSOAS DE FÓRA DE GALICIA. XXVII EDIÓN.....	33
B. SIMPOSIO ILG 2014: A LINGUA GALEGA NO SOLPOR DA IDADE MEDIA	35
C. CURSO BÁSICO DE ESTATÍSTICA PARA LINGÜISTAS.....	36
D. CURSO DE XESTIÓN EFICAZ DE TEMPO.....	36
 A ACTIVIDADE DOS INVESTIGADORES	 37
A. COMUNICACIÓN EN CONGRESOS E ENCONTROS CIENTÍFICOS	37
B. CURSOS E SEMINARIOS.....	42
C. CONFERENCIAS.....	43
D. COMITÉS CIENTÍFICOS E DE REDACCIÓN.....	45
E. PUBLICACIÓN.....	48
PUBLICACIÓN DO ILG.....	48
PUBLICACIÓN DOS MEMBROS DO ILG	49
F. REALIZACIÓN E DIRECCIÓN DE TRABALLOS ACADÉMICOS.....	56
G. ESTADÍAS EN CENTROS DE INVESTIGACIÓN	57
H. COMUNICACIÓN PRESENTADAS NO ILG	58
I. BOLSAS E PREMIOS	59
K. ORGANIZACIÓN DE REUNIÓN CIENTÍFICAS.....	59
L. PRESENTACIÓN/ACTOS	60
 CONVENIOS, CONTRATOS E CONTRIBUCIÓN INSTITUCIONAL.....	 61
A. CONVENIOS E CONTRATOS	61
B. AXUDAS DE INVESTIGACIÓN CONCEDIDAS OU APROBADAS EN 2014	61
C. CONTRIBUCIÓN INSTITUCIONAL: ORGANIZACIÓN SOCIAIS, ACADÉMICAS ETC.	61
 RESUMO ECONÓMICO 2014.....	 65
 PERSOAL	 67

Limiār

O ano 2014 foi, certamente, un ano complexo. O Instituto non pode subtraerse ás dificultades impostas por unha convxuntura económica difícil para a Universidade e para o país no seu conxunto, e que impoñen serias limitacións para a captación de recursos para o financiamento da actividade investigadora. Mesmo a pesar disto, o Instituto conseguiu garantir a continuidade tanto dos proxectos en curso como de actividades que vén desenvolvendo, nalgúns casos desde hai xa moitos anos, como a celebración do curso de verán de lingua e cultura galegas para persoas de fóra de Galicia e do simposio de lingüística galega, que nesta ocasión se dedicou ao estudo da lingua galega no solpor da Idade Media, ou a publicación dun novo volume de *Estudos de Lingüística Galega*, que segue escalando posicións dentro dos índices de publicacións periódicas. Ademais, en 2014 obtiveron financiamento na convocatoria de axudas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria as dúas redes en que participan IPs e investigadores predoutorais do ILG: RELEX, unha rede temática centrada no ámbito da lexicografía, que coordina a Universidade da Coruña, e TECANDALI, rede coordinada polo ILG que reúne diversos grupos de investigación das Universidades de Santiago, Vigo e A Coruña, tanto de perfil lingüístico como matemático e tecnolóxico. Ademais, obtívose tamén novo financiamento dentro da convocatoria de proxectos de investigación do Plan Nacional do Ministerio de Economía e Competitividade. Polo demais, a nómina de investigadores predoutorais do Instituto viuse incrementada unha vez máis a través das convocatorias de axudas predoutorais da Xunta de Galicia e do programa de FPU do Ministerio de Educación.

Por outra banda, e a pesar do contexto restritivo antes mencionado, o Instituto renovou ao longo de 2014 a súa aposta pola internacionalización. Esta estratexia abrangue todas as actividades desenvolvidas pola institución, desde a colaboración no deseño e realización de proxectos con investigadores e centros de investigación doutros países, á proxección exterior do traballo investigador desenvolvido polos IPs e investigadores predoutorais do instituto en congresos e publicacións, pasando polas estadías de investigación. Con respecto a isto último, comprácenos enormemente salientar aquí a recepción, ao longo de 2014, de seis investigadores, a maior parte deles en formación, procedentes de universidades e centros de investigación de Italia, Brasil, México, Xeorgia, Rusia e a República Checa. Esta actividade constitúe unha experiencia moi enriquecedora, tanto como para os IPs e investigadores predoutorais do Instituto como para os propios visitantes, que tiveron a oportunidade de traballar en contacto directo cos membros do Instituto e de aproveitar as nosas infraestruturas de investigación.

Cómpre destacar, por último, a potenciación das actividades de formación e de promoción do persoal investigador predoutoral, a través da programación de cursos e xornadas formativas en diversas materias (estatística, planificación e xestión do tempo, etc.), da organización de sesións para a presentación de traballos en curso, da incentivación e apoio á súa participación en congresos e reunións científicas ou da creación da colección Limiar, dirixida especificamente a investigadores novos.

Somos plenamente conscientes de que nada disto sería posible sen a colaboración das institucións que conforman a Xunta de Goberno do Instituto, concretamente a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega e a Fundación Barrié de la Maza, o apoio dos órganos centrais de goberno da Universidade e a dedicación entusiasta e a entrega incondicional dos investigadores e traballadores do Instituto. A todos eles beizón.

Ernesto Xosé González Seoane
Director

Relación de liñas e proxectos de investigación

A. PROXECTOS PROMOVIDOS NO SEO DO ILG

1. ARQUIVO DO GALEGO ORAL (AGO)

IP: Francisco Fernández Rei

EQUIPO INVESTIGADOR: Carme Ares Vázquez, Henrique Costas González (UVigo), Ana García García, Carme García Rodríguez, Carme Hermida Gulías, Xavier Varela Barreiro

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/ago>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2014

1. Preparación de 25 novos audios sobre diversos temas, coas transcripcións semifonolóxica e estandarizada correspondentes, para incrementar a representatividade territorial da web <http://ilg.usc.es/ago/>.
2. Catalogación de 123 novas gravacións (unhas actuais e outras doazóns de audios da década de 1990) e incremento do fondo do subarquivo do galego culto, con gravacións do ano 2014 de conferencias, presentacións, discursos etc.
3. Preparación para a dixitalización de gravacións da década de 1980, cuxo tratamento urxe pola vulnerabilidade do soporte e pola antigüidade dos audios.
4. A vía principal de difusión do proxecto é a súa páxina web e visitas ao AGO no edificio do ILG ás que se lles explica a orixe, a actualidade e a utilidade do arquivo. Visítárono diversas persoas interesadas no galego oral, que nalgúns casos forneceron material gravado; pero o perfil maioritario son persoas estudosas da nosa ou doutras linguas, nomeadamente alumnado de Filoloxía do distrito universitario galego (ou persoas licenciadas ou graduadas) e alumnado dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas para persoas de fóra de Galicia que queren facer investigacións sobre o galego.

Franziska Werner M. A., do Seminario de Filoloxía Románica da Universidade de Göttingen (Alemaña), está a redactar a tese de doutoramento sobre os dativos non-argumentais no galego baseándose, entre outro material, en textos en liña do AGO.

Ana García García, investigadora do proxecto, foi convidada a presentalo na Facultad de Filología y Letras da Universidad de Extremadura, onde o 11 de abril do 2014 impartiou a conferencia *Unha ecografía sonora de Galiza: o Arquivo do Galego Oral*, para alumnado e profesorado do Centro de Estudos Galegos e do resto da facultade.

En 2014 Xosé Henrique Costas González redactou dous artigos (no prelo) para os que utilizou gravacións que forman parte do AGO: “Um estranho caso de ênclide pronominal na fala do vale do río Elhas ou de Xalma”, en *Límite, Revista de estudios portugueses y de la lusofonía* (Universidad de Extremadura-Cáceres); e “Un resto de latinidade en djudezmo, sardo e galego: a construcción verbal paraperifrásica ‘Querer + participio””, en *Revista de Filología Románica* (Universidad Complutense de Madrid).

2. ANÁLISE DIALECTOMÉTRICA DOS DATOS DO ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO

IP: Xulio Sousa Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Rosario Álvarez, Francisco Dubert, Marta Negro Romero

FINANCIAMENTO: Axuda consolidación e estruturación de unidades de investigación do SUG, Secretaría Xeral de Universidades, Consellería de Educación (2007-2011). Axuda ao grupo de investigación FILGA (Xunta de Galicia-FEDER).

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2014

En 2014 leváronse a cabo as seguintes tarefas:

- Incorporación de novos datos dos volumes do ALGa publicados e da base de datos do ALGa.
- Revisión da base de datos coa información correspondente ao léxico.
- Estudo e análise dos primeiros resultados.

PUBLICACIÓNS DERIVADAS

- Xulio Sousa: “Distance in space: dialects and standard Galician”. *Methods in Dialectology XV*, Groningen, 11-15 agosto 2014. <<http://dspace.usc.es/handle/10347/11491>>.

3. ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO (ALGA)

IP: Francisco Fernández Rei, Manuel González González, Rosario Álvarez

EQUIPO INVESTIGADOR: Xulio Sousa Fernández, Francisco Dubert García, Antón Santamarina Fernández, Ana García García, Carme Hermida Gulías, Rosa Mouzo Villar, Irene Santos Raña, Raquel Vila Amado

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Axuda ao grupo de investigación FILGA (Xunta de Galicia-FEDER)

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/indices>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2014

1. Despois dos axustes e das correccións que se fixeron na versión dixital da maqueta confeccionada pola imprenta Eurográficas, corrixíronse dúas probas en papel do volume sexto.
2. A finais de 2014 quedou preparado para imprimir o *Atlas Lingüístico Galego. Volume VI. Léxico. Terra, plantas e árbores*, ISBN 978-84-9752-100-0 (volume VI), ISBN 84-85728-91-2 (obra completa), Depósito legal C325-2014.
3. Revisión e corrección dos materiais do volume VII, *Léxico. Ser humano II*, e elaboración de mapas e notas novos.
4. En maio de 2014 comezouse a traballar no volume IX, *Léxico. Animais salvaxes e domésticos*. A final dese ano realizáranse as seguintes actividades:
 - a. Ordenación da listaxe provisoria de mapas do volume.
 - b. Revisión do material da base de datos relativa aos insectos, aos réptiles e a algúns paxaros.
 - c. Primeira redacción dos mapas dos insectos, dos réptiles e dalgúns paxaros, coas lendas, notas e mapas correspondentes.

PUBLICACIÓNS DERIVADAS

- Vila Amado, Raquel (2014): “Unha fanfarrada tocando a fanfona. Vacilación dos fonemas /f/ e /θ/ na lingua galega” [Póster]. XXX Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística. O Porto, 22-24 outubro 2014.
- Vila Amado, Raquel / Héctor Cajaraville Araújo (2014): “Malmurar desde o nó da gorxa. Etimoloxías populares no ALGa V”. XVI Forum for Iberian Studies: Cultural and linguistic diversity in the Iberian Peninsula, Oxford, 20-21 marzo 2014.

4. BIBLIOTECA DIXITAL DA GALICIA MEDIEVAL (BGM)

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Lucía Doval Iglesias, Ricardo Pichel Gotérrez, Xavier Gómez Guinovart (UVigo), Ana Suárez González (USC-Historia)

INFORMÁTICA: Xavier Gómez Guinovart (UVigo)

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística (Xunta de Galicia)

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/BGM/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2014

A Biblioteca dixital da Galicia Medieval (BGM) naceu, dentro do *Tesouro Medieval GalegoPortugués* e co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, como a correspondencia en forma de biblioteca textual –aberta– do conxunto das bases de datos textuais integradas no *Xelmírez*, para o territorio galego, e complementarias das correspondentes ao *Dom Dinis*, para o territorio portugués. O *Xelmírez* presenta un estado moi avanzado de desenvolvemento, pois contén a totalidade dos textos editados da Galicia medieval, e a BGM supón xa hoxe e vai supoñer en maior medida no futuro a posibilidade de acceso li-

bre e á integra ao corpus textual completo da Galicia medieval, algo do que poucas linguas poden fachendar para este período histórico.

A táboa seguinte representa a estrutura do TMGP, do que forma parte a BGM:

Tesouro Medieval Galego-Portugués (TMGP)						
Bases de datos			Bibliotecas textuais			
	Portugal	Galicia		Galicia	Portugal	
Dom Dinís	TMILP (gal-port) TMILL-P (latín) -	TMILG * (gal-port) TMILL-G * (latín) TMILC-G * (castelán)	Xelmírez *	BGM *	COTAGAL 1 (edicións propias) COTAGAL 2 * (edicións alleas)	COTAPOR 1 (edicións propias) COTAPOR 2 (edicións alleas)
						BGP

* Bases de datos accesibles na Internet

Segundo o plan de traballo previsto, no ano 2014 continuouse co arreplantamento da base textual, á que foron incorporadas a colección documental do mosteiro de San Clodio do Ribeiro (Lucas Álvarez / Lucas Domínguez), a colección de San Pedro de Rocas (Duro Peña) e a colección de San Salvador de Pedroso (Cal Pardo).

5. CONSTRUCIÓNS VERBAIS E SINTAXE DA ORACIÓN (CONVERSO)

IPs: Rosario Álvarez e Xosé Xove Ferreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Rosario Álvarez, Xosé Xove Ferreiro

FINANCIAMENTO: Real Academia Galega

PROXECTOS EN COLABORACIÓN: Instituto da Lingua Galega (USC) e Seminario de Gramática da Real Academia Galega

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS DERIVADOS EN 2014

Desde a saída o 15/05/2012 da última bolseira, Luz Varela Armas, interrompeuse a incorporación de novos datos á base, que actualmente conta cuns 61.000 rexistros dos 100 verbos más frecuentes. Nesta nova fase o investigador Xosé Xove continúa coa revisión da base, procedendo ao establecemento sistemático das acepcións de cada verbo a partir das caracterizacións xa introducidas. Ao mesmo tempo, a base está sendo utilizado polos membros do equipo redactor da *Gramática da lingua galega* para o estudo da sintaxe do galego, e particularmente o das oracións subordinadas.

6. CAMBIO LINGÜÍSTICO NO GALEGO ACTUAL

IP: Xosé Luís Regueira Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Manuel González González, Francisco Cidrás Escáneo, Xulio Sousa Fernández, Francisco Dubert García, Elisa Fernández Rei, Noemí Basanta Llanes, Eduardo Louredo Rodríguez

DURACIÓN: 01/02/2013 ata 31/01/2016

FINANCIAMENTO: Dirección General de Investigación Científica y Técnica do Ministerio de Economía y Competitividad (Ref. FFI2012-33845) (20000 €)

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2014

Durante ese ano continuouse coa gravación de sibilantes e gheada en falantes de diferentes puntos de Galicia, así como do Norte de Portugal, con fins comparativos. Tamén se proseguíu coa gravación de conversa en xente maior e xente nova. Tamén se realizaron outras gravacíons con xente nova universitaria para estudar os cambios por contacto entre galego e castelán.

Por outra parte, proseguíu coa transcripción de gravacíons doutros córpora para incrementar o número de textos e de horas dispoñibles para a realización de traballos.

Continuouse coa elaboración de traballos, que foron presentados en congresos e en publicacións, sobre diferentes aspectos dos cambios lingüísticos recentes ou en curso. Entre eles, dous traballos sobre fricativas sibilantes, que mostran o cambio e o mantemento das variedades tradicionais, análises comparativas das sibilantes das zonas de seseo e de non seseo, comparativas co portugués do norte, etc. Tamén se desenvolveron traballos de prosodia, de mantemento e cambio de trazos morfolóxicos en falas do Ribeiro, de gramática, e de contacto co castelán.

PUBLICACIÓNS DERIVADAS

- Basanta Llanes, Noemi (2014): "(Re)presentar as identidades: a construcción discursiva do xénero na conversación", *Estudos de Lingüística Galega*, 6, 29-51.
- Basanta Llanes, Noemi: "Pluralidad discursiva y estereotipos sociales: las construcciones de género a través del discurso", *Symposium Internacional EDiSo 2014*, Sevilla, 15-16 maio 2014.
- Basanta Llanes, Noemi: "Identity trouble: do xénero á performance", XVI Forum for Iberian Studies: Cultural and linguistic diversity in the Iberian Peninsula, Oxford, 20-21 marzo 2014.
- Basanta Llanes, Noemi: Estructura prosódica de la conversación: revisión de los turnos de palabra y los significados del habla simultánea". *VI Congreso Internacional de Fonética Experimental*. Valencia, 5-7 novembro 2014.
- Basanta Llanes, Noemi: "Lingua e xénero na conversación" [Póster]. *II Encontro da Mocidade Investigadora (EDI-USC)*. Santiago de Compostela, 29-31 xaneiro 2014.
- Dubert-García, Francisco: (2014) "Splinter morphologique et analogie dans les dialectes galicien et portugais", en Léonard, J. L. (éd.), *Morphologie flexionnelle et dialectologie romane : typologie(s) et modélisation(s)*, Mémoires de la Société de Linguistique de Paris, 22, pp. 69-87, Louvain: Peeters. ISBN 978-90-429-3186-2.
- Dubert-García, Francisco: (2014) "The emergence of structure in inflection: perfect roots in irregular Galician verbs", Léonard, J. L. (éd.), *Morphologie flexionnelle et dialectologie romane : typologie(s) et modélisation(s)*, Mémoires de la Société de Linguistique de Paris, 22, pp. 185-207, Louvain: Peeters. ISBN 978-90-429-3186-2.
- Dubert García, Francisco: "Castellano y nivelación dialectal en el gallego de Santiago de Compostela". *XLIII Simposio Internacional de la Sociedad Española de Lingüística*, Ciudad Real, 20-23 de enero de 2014, Facultad de Letras, Universidad de Castilla-La Mancha.
- Fernández Rei, Elisa / Lurdes de Castro Moutinho / Rosa Lídia Coimbra (2014): "As entoacións galega e portuguesa: a fronteira á luz da dialectometría e da percepción". En X. Sousa/M. Negro/R. Álvarez (eds.): *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 115-141.

- Fernández Rei, Elisa / Engroba Vidal, N. (2014): "Estudio perceptivo de la entonación de las interrogativas totales del gallego central". En Congosto, Yolanda / Monteiro, M^a Luisa/Salvador, Antonio (eds.): *Fonética experimental, Educación Superior e Investigación*. Madrid: Arco Libros, pp. 227-244.
- Fernández Rei, Elisa: "Entonación dialectal del gallego: análisis dialectométrico y aproximación perceptiva". Participación convidada na mesa redonda: *Entonación y variación dialectal* (coord. Dolors Font). *VI Congreso Internacional de Fonética Experimental*. Universitat de València. Valencia, 5-7 novembro 2014.
- Fernández Rei, Elisa / Lurdes de Castro Moutinho / Rosa Lídia Coimbra: "Contributos para um estudo percetivo da entoación portuguesa e galega". Póster. *III Jornadas de Ciências da Linguagem* (Aveiro, 9 de xullo de 2014).
- Louredo Rodríguez, Eduardo (2014): "La variable pór~poñer en gallego. Una contribución desde la dialectología histórica" in F. Jiménez Berrio et alii (eds.): *Variación geográfica y social en el panorama lingüístico español*. Pamplona: Universidade de Navarra, pp. 33-46.
- Louredo, Eduardo: "Dialetología perceptiva na comarca do Ribeiro (Galiza)" no *XXX Forum Junge Romanistik "Räume der Romania"*, Universidade de Berna, 27-29 de marzo de 2014.
- Louredo, Eduardo: "Variación e cambio lingüístico na comarca do Ribeiro: as variables -óns ~ -ós, -án ~ -au e -án ~ -á" no *XXX Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Lingüística*, Faculdade de Letras da Universidade do Porto, 22-24 de outubro de 2014.
- Regueira Fernández, Xosé Luís / Elisa Fernández Rei (2014): "Aspectos prosódicos del gallego actual". Universität Zürich (7.05.2014).
- Regueira, Xosé Luís (no prelo): "Mantenimiento y cambio lingüístico: sibilantes en gallego", *Revista de Filología Románica*.

7. CORPUS ORAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (CORILGA)

IP: Xosé Luís Regueira Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Elisa Fernández Rei, Manuel González González, Francisco Cidrás Escáneo, Xulio Sousa Fernández, Francisco Dubert García, Noemí Basanta Llanes, Alba Aguete Cajiao, Naír García Abelleira

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico.

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: Grupo Teoría do Sinal (UVigo), Apoio estístico: MODESTYA.

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2014

Neste ano púxose en marcha unha ferramenta de xestión e recuperación da información, grazas á colaboración do grupo Teoría do Sinal da Univ. de Vigo. Despois de poñer en marcha unha primeira versión, mellorouse a súa operatividade para subir, borrar e modificar arquivos de son e de transcripción. Actualmente esta ferramenta non é pública, mais xa está operativa para uso dos investigadores.

Ao tempo continuouse coa revisión e adaptación das transcripcións do Corpus Henning-sen aos criterios de CORILGA. Incorporáronse transcripcións de tipos de texto nada ou pouco representados anteriormente, especialmente textos dramáticos (teatro) e textos dos medios de comunicación, tanto de espazos dramáticos (*Era Visto*) coma informativos.

Actualmente estamos a preparar as transcripcións do corpus da tese de doutoramento de Francisco Dubert da área de Santiago de Compostela (unhas 24 horas) e da tese de Xosé Luís Regueira do Norte da Terra Chá (unhas 22 horas). Estes textos, unha vez preparados, serán aliñados automaticamente tanto ao segmento fónico coma á palabra.

TRABALLOS ACADÉMICOS RELACIONADOS

- Póster en congreso internacional: Carmen García-Mateo, Antonio Cardenal, Xosé Luís Regueira, Elisa Fernández Rei, Marta Martínez, Roberto Seara, Rocío Varela, Noemi Basanta: "CORILGA: a Galician Multilevel Annotated Speech Corpus for Linguistic Analysis". *LREC 2014: 9th Language Resources and Evaluation Conference* (Reykjavik. 26-31 maio de 2014).
- Conferencia: Regueira, Xosé Luís: "Novas tecnoloxías e linguas minorizadas: a lingua galega no século XXI", Universitat Heidelberg (14/06/2014).

8. DICIONARIO DE PRONUNCIA DA LINGUA GALEGA

IP: Xosé Luís Regueira Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Noemi Basanta Llanes, César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico

WEB: <http://ilg.usc.es/pronuncia>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2014

Neste ano corrixíronse errores localizados nalgúnsas entradas e ademais ampliouse a base con novas entradas, correspondentes a lemas que se incorporaron ao Dicionario da Real Academia Galega referidos, na súa maioría, á informática e a internet, e tamén con apelidos, ata completar a listaxe que está comprendida no Dicionario de Apelidos que prepara a Real Academia. En total o número de entradas incrementouse en 170. As gravacións foron realizadas por Noemi Basanta, membro do equipo.

PUBLICACIÓNES DERIVADAS

- Regueira, Xosé Luís: "Diccionarios digitales y lengua hablada". Intervención e participación na mesa redonda "Proyectos lexicográficos volcados hacia la edición digital", dentro do *Simpósio Internacional "El futuro de los diccionarios en la era digital"*, organizado pola Real Academia Española (Madrid, 6/11/2014).

9. DICIONARIO DOS APELIDOS GALEGOS

IP: Ana Isabel Boullón Agrelo

EQUIPO INVESTIGADOR: Gonzalo Navaza Blanco (Universidade de Vigo), Antón Palacio Sánchez (Universidade de Vigo), Luz Méndez (Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia), Sandra Beis Silva

FINANCIAMENTO: Convenio de colaboración coa Real Academia Galega

DURACIÓN: 22/12/2010 ata 31/12/2015

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2014

O *Dicionario dos apelidos* terá ao redor de 6.000 entradas (contando os lemas principais e os secundarios), ordenadas alfabeticamente e seleccionadas por orde de frecuencia. Os datos parten do Censo proporcionado polo Instituto Nacional de Estadística (Madrid) correspondentes ao ano 2001. Para os lemas escóllese a forma estandarizada entre as variantes existentes, a partir dos criterios publicados no *Boletín da Real Academia Galega* 370 (2009). Cada entrada inclúe o número de ocorrencias de cada forma, información etimolóxica, documentación histórica (a datación máis antiga que se coñece), e, nos casos que proceda, datos sobre a difusión xeográfica actual, a relación co topónimo correspondente e a representación cartográfica.

Durante o ano 2014 avanzouse na confección da folla de estilo e mais na redacción de entradas definitivas, que son neste momento 3.876, o que constitúe un número equivalente de entradas, entre as principais e as remisivas. Isto significa que estas entradas xa foron elaboradas e pasaron por un proceso de revisión por cada un dos membros do equipo, por outro proceso de revisión conxunta e por unha última revisión individual coa incorporación das suxestións antes da súa inclusión no diccionario. Amais destes, hai 1.629 apelidos más en proceso de elaboración ou revisión. En total, son 5.505 apelidos tratados.

10. BASES DE DATOS ONOMÁSTICOS

IP: Ana Isabel Boullón Agrelo

EQUIPO INVESTIGADOR: Sandra Beis Silva

FINANCIAMIENTO: Sen financiamento externo

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2014

Durante o ano 2014 na Sección de Onomástica seguíronse actualizando as bases de datos que alimentan a realización de diversos proxectos, e de forma máis directa os de *Dicionario dos apelidos galegos, Estandarización dos nomes e apelidos*. Traballouse fundamentalmente en dúas direccións, antropónimia e toponimia.

A) ANTROPONIMIA HISTÓRICA

Esta base de datos contén varias relacionadas: a antropónimia medieval, a dos séculos XVI-XVIII, a dos Catastros de Ensenada (s. XVIII), a de censos do séc. XX (INE ano 2001) e a de alcumes modernos. Durante o ano 2014 proseguíu a introdución de datos antropónímicos medievais. O criterio fundamental para a selección da fontes é procederen de textos editados con criterios filolóxicos e que contén con fiabilidade editorial. Dada a problemática específica dos nomes, que se escribían na Idade Media con abreviaturas nunha proporción moi alta, é fundamental partir de fontes ben editadas para poder facer un estudo lingüístico sólido; doutra maneira, pódese considerar, por exemplo, como moi temperá a entrada de castelanismos que en realidade non son más que desenvolvimentos erróneos a partir das abreviaturas existentes. Neste sentido, é moi importante facer un traballo continuo de revisión e depurado da base para evitar, entre outros, duplicación de rexistros ou erros na introdución de cadeas onomásticas. Este é un traballo non cuantificable e que se produciu ó longo de todo o ano afectando a moitos rexistros de praticamente todas as obras. Amais deste labor, no ano 2014 realizouse o baleirado das seguintes fontes:

- Mantemento e revisión das bases de datos antropónímicas *Medieval*, con 1.327 rexistros novos: DocsAntealtaresXV, DocsTomboCSantiago, DocTToxosoutos, Loren-

zo_TestamentosXV, DocBaiona_2005, DocsBaiona_2007, RodParada_AHUS, RodParada_BAu_2010

- XVI-XVIII, con 4.076 rexistros novos: CasamentosCoruña, CatRubillón_Avión, Notarios_Noia, Saavedra_Facenda, TerraDeza,

B) TOponimia: ESTUDOS TOponímicos

O proxecto consiste na elaboración dunha base de datos que inclúe a relación dos topónimos estudiados polo investigadores máis relevantes. A finalidade da confección desta base de datos é proporcionarlle ó estudos da toponimia a relación das formas estudiadas anteriormente, para centralizar a información correspondente a cada voz. Na primeira fase incluíronse aqueles estudos ou repertorios que se consideraron básicos para o estudo da toponimia galega (Piel, Kremer, Kajanto, Solin/Salomies, Moralejo, Navaz...). Neste momento continúase engadindo más obras destes autores ou incorporando novedades bibliográficas, no que constitúe unha especie de actualización permanente da bibliografía más considerada científicamente. O proceso implica a dixitalización de obras que se consideraron de interese para a base de datos toponímicos, o recoñecemento de texto (OCR) e a extracción dos datos das obras. Este ano 2014 continuouse a inclusión dos datos incluídos na seguinte relación de obras e que permitiron ampliar a base de datos en 1.327 rexistros onomásticos novos:

- Álvarez Maurín, María del Pilar (1994): *Diplomática asturleonesa. Terminología toponímica*. León: Universidad de León.
- Carrasco, Lorena / Gonzalo Navaza (2014): *Toponimia do Val de Fragoso. 3. Beade*. Vigo: Universidade de Vigo
- Navaza Gonzalo (2005): "Note sulla toponimia del litorale della Galizia", in Brozovic / Roncevic Dunja / Enzo Caffarelli (eds.), *Denominando il mondo. Dal nome comune al nome proprio. Atti del simposio internazionale, Zara, 1-4 settembre 2004*, 321-335.
- Navaza, Gonzalo (2013): "Os topónimos de Ouroblanco", en Antonio Rodríguez Cabanas: A cultura tradicional galega desaparecida. A vida no Ourovello (Paderne, A Coruña) 1950-2000. Asociación Libre de Paderne Roxín Roxal, 152-188. [Parroquia de Adragonte, Concello de Paderne]

Actualmente a base de datos conta con 91.664 rexistros, e contén as formas estudiadas e a información bibliográfica correspondente (autor, publicación).

11. EDICIÓN DA COLECCIÓN DIPLOMÁTICA DOS DOCUMENTOS GALEGOS MEDIEVAIS

IP: Ana Isabel Boullón Agrelo

EQUIPO INVESTIGADOR: Ramón Lorenzo Vázquez, M^a Carmen Pérez González

FINANCIAMIENTO: Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2014

- Montederramo
 - A edición do corpus medieval do mosteiro de Santa María de Montederramo, en Ourense. Rematouse a revisión da edición dos 1874 documentos e estase a traballar na introdución.

- Oia

- Na edición do corpus medieval do mosteiro de Santa María de Oia, Pontevedra, transcribimos os documentos das carpetas 1845 a 1849 e os 5 primeiros documentos da carpeta 1850 do Archivo Histórico Nacional.
- Cos novos datos obtidos da dita transcripción seguimos enchendo, mantendo e ampliando a nosa base de datos, creada por nós cos datos dos fondos documentais do mosteiro, que inclúe información imprescindible para a súa organización e manexo, dado o alto volume de documentación manexado (entre outras, data, tipoloxía documental, nome do notario ou escriba, etc.).

12. EDICIÓN E ELABORACIÓN DOS MATERIAIS GALEGOS DO ALPI (ATLAS LINGÜÍSTICO DE LA PENÍNSULA IBÉRICA)

IP: Xulio C. Sousa Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Soraya Suárez Quintas

FINANCIAMIENTO: Convenio Secretaría Xeral de Política Lingüística / Consejo Superior de Investigaciones Científicas

PROXECTOS EN COOPERACIÓN / ENTIDADES COLABORADORAS: Consejo Superior de Investigaciones Científicas

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2014

En 2014 leváronse a cabo as seguintes tarefas:

- Revisión das transcripcións dos materiais correspondentes ó caderno II
- Reunións de coordinación (febreiro de 2014)
- Elaboración e revisión das páxinas web do proxecto: ILG e CSIC

PUBLICACIÓNS RELACIONADAS

- Rosa Mouzo Villar / Carolina Pérez Capelo (2014): “De Vilanova de Arousa a Vila Nova de Foz-Côa: a fronteira galego-portuguesa a estudo a partir dos materiais do ALPI”, en Xulio Sousa / Marta Negro Romero / Rosario Álvarez (eds.), *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 143-170. <<http://consellodacultura.gal/mediateca/documento.php?id=2642>>.

13. GONDOMAR. CORPUS DIXITAL DE TEXTOS GALEGOS DA IDADE MODERNA. CATALOGACIÓN, MULTIEDICIÓN, GLOSARIO E ESTUDO

IPs: Ernesto González Seoane e Rosario Álvarez

EQUIPO INVESTIGADOR: Xosé Antonio Fernández Salgado, Michael J. Ferreira, Domingo L. González Lopo, Rita Marquillas, Gonzalo Navaza Blanco, José Luis Rodríguez Gómez, Concepción Varela Orol, Florentina Xoubanova Montero, Xosé Xove Ferreiro

APOIO INFORMÁTICO: César Osorio Peláez

FINANCIAMIENTO: Ministerio de Economía y Competitividad (referencia FFI2013-47589-P)

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2014

- Por resolución ditada en novembro de 2014, o proxecto obtivo financiamento na convocatoria de 2013 de proxectos do Programa Estatal de Investigación Científica y Técnica de Excelencia, Subprograma de Estatal de Generación de Conocimiento (Ministerio de Economía y Competitividad).
- Rosario Álvarez / Ernesto X. González Seoane (2014): "Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna", 3. *Internationales Kolloquium zu historischen Corpora der Iberoromanischen Sprachen*, Universitat Zürich, 23-25 xuño 2014.

14. GRAMÁTICA DA LINGUA GALEGA

IP: Rosario Álvarez

EQUIPO INVESTIGADOR: Francisco A. Cidrás Escáneo, Ernesto González Seoane, Xosé Luís Regueira Fernández, Xosé Xove Ferreiro

FINANCIAMENTO: Convenio asinado entre a USC e a RAG (2011-2013), prorrogado

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: coa Real Academia Galega

DURACIÓN: 2011-2013, en vigor por acordo entre as partes

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2014

O equipo ten a encarga de redactar a gramática institucional da Real Academia Galega, co compromiso de entregar a esta institución o texto completo. Os traballos continuaron en 2014 orientados a este fin.

15. CORPUS DE TEXTOS ANTIGOS DE GALICIA (COTAGAL)

IP: Ricardo Pichel Gotérrez

EQUIPO INVESTIGADOR: Raquel Alonso Parada, Xosé Luís Couceiro Pérez, Pedro Dono López, Rocío Dourado Fernández, Paulo Martínez Lema, Ramón Mariño Paz, Xavier Varela Barreiro

FINANCIAMENTO: sen financiamento externo específico

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: Xelmírez (dir. Xavier Varela Barreiro), LEMA (dir. Ana Suárez González)

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2014

- Avance no contexto textual e diplomático dos Tombos de Santa María de Sobrado (AHN Códices L. 976 e L. 977) coa documentación solta do mosteiro custodiada no AHN (Clero, carps. 526-542), con vistas á preparación da edición crítica dos tombos. Esta actividade desenvólvese dentro do marco do proxecto "LEMA. Libros, memoria y archivos. Cartularios monásticos del Noroeste peninsular (ss. XII y XIII)", dirixido por Ana Suárez González.
- Preparación da publicación do texto crítico da *Historia troiana* (BMP Ms. 558) e avance na transcripción paleográfica da tradución galega da *General Estoria* (Escorial Ms. O.1.I); a cargo de Ricardo Pichel.
- Nova transcripción paleográfica (sobre a peza orixinal) e preparación dunha nova edición crítica do fragmento do *Livro de Tristan*, a cargo de Xavier Varela e Ricardo Pichel.

- Transcripción paleográfica e edición de dous novos fragmentos -galego e castelán-das Partidas de Afonso X (Sección Nobleza do AHN).
- Integración dunha primeira fornada de documentos medievais casteláns producidos na Galicia medieval (sécs. XIV-XVI) para o novo corpus CHARTA (*Corpus Hispánico y Americano en la Red: Textos Antiguos*), de acordo coas súas pautas de edición múltipla. Presentación interna nunha reunión científica de setembro de 2014.

PUBLICACIÓNS RELACIONADAS

- Pichel Gotérrez, Ricardo / Xavier Varela Barreiro (2014): "Edición de textos da Galiza medieval e moderna. Algúns proxectos en marcha", en *Lingua, texto, diacronía. Estudos de lingüística histórica*, Revista Galega de Filoloxía (Monografía 9), 291-318.
- Pichel Gotérrez, Ricardo / Paulo Martínez Lema (2014): "Documentação posterior à confecção do tombo de Toxos Outos (sécs. XIII-XIV). Edição e inventário toponímico", *Scriptum digital. Revista de corpus diacrónicos y edición digital en lenguas ibero-románicas* 3, 95-132. <<http://scriptumdigital.org/documents/4-Pichel et al rev Ruth-bo.pdf>>.
- Pichel Gotérrez, Ricardo (no prelo): "Edición de textos y variación alográfica", en *Actas del XIV Congreso Internacional del AJIHLE*. Madrid: Universidad Autónoma.
- Pichel Gotérrez, Ricardo (no prelo): "Signos ou evidencias de corrección na escritura orixinaria da Historia Troiana (BMP Ms. 558)", en *Actas do Iº Coloquio Lingüística Histórica*. Santiago de Compostela: Universidade (Anexo de Verba).

PRESENTACIÓN EN CONGRESOS RELACIONADAS

- Pichel Gotérrez, Ricardo. 11/12/2014 Madrid (Casa de Velázquez): Jornadas de estudios internacionales: "El historiador frente a las palabras. Recursos textuales y léxicos para el estudio de la sociedad medieval". Título: "El COTAGAL y otros corpus textuales en Red".
- Pichel Gotérrez, Ricardo / Xavier Varela Barreiro. 27/6/2014 A Coruña (Universidade, Fac. Filoloxía): II Colóquio de linguística Histórica. Título: "Editar obras medievais: prosa documental e prosa histórico-literaria".
- Pichel Gotérrez, Ricardo. 14/5/2014 Lisboa (Universidade de Lisboa): clase mestra na materia de Crítica Textual (Profª. Esperança Cardeira). Título: "O galego-português na Idade Média (II): edição de textos e projetos de investigação".
- Pichel Gotérrez, Ricardo. 15/11/2014 Oxford (Magdalen College): 2nd annual EDIT Colloquium (Estoria DigiTal) (Oxford 14-15/11/2014). Título: "El corpus lírico e historiográfico (post)alfonsí en la literatura gallego-portuguesa medieval. Textos, contextos y proyectos editoriales en marcha".
- Pichel Gotérrez, Ricardo. 19/9/2014 Madrid (UCM, Fac. de Filoloxía): Jornadas Internacionales UCM-UNED 2014 "Literatura gallega: identidad, alteridad y exilio" (18-19/9/2014). Título: "COTAGAL: Corpus de textos antigos da Galiza" (en colaboración con Xavier Varela Barrreiro).
- Pichel Gotérrez, Ricardo. 4/9/2014 Alcalá de Henares (Madrid, Universidade): Encuentro Científico de la Red Internacional CHARTA (4-5/9/2014). Título: "COTAGAL-CHARTA. Grupo de trabajo de Santiago de Compostela".

- Pichel Gotérrez, Ricardo. 9/4/2014 Madrid (Universidad Autónoma): XIV Congreso de la AJIHLE (9-11/04/2014). Participación na Mesa Redonda “Edición de textos e historia de la lengua diez años después: avances y nuevos problemas”.

16. GRAMÁTICA HISTÓRICA DA LINGUA GALEGA (GHLG)

IP: Xavier Varela Barreiro / Ramón Mariño Paz

EQUIPO INVESTIGADOR: Amparo Cereixo Silva (IESP As Neves), Eduardo Moscoso Mato, Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo)

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2014

A actividade desenvolvida tivo unha dobre dirección. Ramón Mariño proseguíu coa redacción do volume de fonética da gramática histórica, que nestes momentos ten pendentes únicamente os capítulos correspondentes ao galego moderno e ao galego contemporáneo. Xavier Varela continuou redactando os capítulos da morfosintaxe pronominal e preparando, mediante codificación textual e etiquetación gramatical, algúns textos do TMILG de recente publicación que resultan imprescindibles para lle dar cabo a algúns capítulos con unidades das que se ten sospeita fundada de existencia no período medieval. Neste sentido é ben significativo o descubrimento da primeira atestación da alomorfía nasal *-no* do clítico P3 CD en contexto verbal posditongal no cancioneiro de Afonso Pérez. Do mesmo xeito, está sendo obxecto de preparación unha versión doméstica do corpus textual do galego medio –en incesante proceso de arrequentamento–, coa finalidade de, en harmonía coa codificación do TMILG, facilitar a extracción de datos lingüísticos deste período para a elaboración da gramática histórica.

O traballo do equipo visibilizouse en dous eventos científicos: (a) o *II Coloquio de Lingüística Histórica* (A Coruña, xuño de 2014), ao que contribuíron Ramón Mariño (“Trajectoria histórica dos resultados galegos do sufixo número-persoal latino *-tis*”) e Xavier Varela (“Edición de textos da Galiza medieval e moderna. Algúns proxectos en marcha” [xuntamente con Ricardo Pichel]); (b) o *Simpósio ILG 2014. A lingua galega no solpor da Idade Media*, ao que fixeron achegas Eduardo Moscoso (“Os tempos compostos ao final da Idade Medieval e na Idade Moderna”) e Ramón Mariño (“Sobre algúns cambios en marcha no galego do século XV”).

17. INVENTARIO TOPONÍMICO DA GALICIA MEDIEVAL (ITGM)

IP: Eduardo Moscoso Mato / Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Manuel Blanco López, Amparo Cereixo Silva (IESP As Neves), Lucía Doval Iglesias, Gonzalo Hermo González, Paulo Martínez Lema, María Pérez Martínez, Rocío Dourado Fernández, Guillermo Vidal Fonseca

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/itgm>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2014

En 2014 continuou Manuel Blanco coa etiquetación dos topónimos presentes no 2º volume da colección diplomática do mosteiro de Celanova (edición de I. Vaquero) e iniciou a elaboración do inventario toponímico desta subcolección de documentación monástica.

Na complementación posmedieval do ITGM, púxose a andar a informatización das *Memorias del arzobispo de Santiago* Jerónimo del Hoyo (1607), que está a realizar, como Traballo de Fin de Grao, María Pérez Martínez seguindo a metodoloxía do ITGM. Nunha fase posterior, durante o ano 2015, realizarase a identificación e etiquetación dos topónimos e, finalmente, elaborarase o seu inventario toponímico, outra peza máis para o mosaico que queremos construír co levantamento da nosa toponimia antiga.

O traballo do equipo visibilizouse no *Simposio ILG 2014. A lingua galega no solpor da Idade Media*, ao que achegaron relatorio Lucía Doval e Gonzalo Hermo (“A deturpación da toponimia na documentación instrumental de finais da Idade Media”).

18. TESOURO INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (TILG)

IPs: Antón Santamarina Fernández e Ernesto González Seoane

EQUIPO INVESTIGADOR: Lidia López Teixeiro

APOIO INFORMÁTICO: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PROXECTOS EN COLABORACIÓN: RILG (<http://sli.uvigo.es/RILG/>)

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/TILG/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2014

- Procesamento, lematización e incorporación á base de novos textos.
- Desenvolvemento da nova aplicación de consulta. Desde o mes de maio está disponible para o público en réxime de libre acceso unha aplicación de consulta completamente renovada que ofrece todas as novas funcionalidades previstas.
- Revisión do Dicionario da Academia con introdución de novos lemas, acepcións e exemplos extraídos do Tesouro.
- Ernesto X. González Seoane (2014): “La lexicografía gallega premoderna (1863-1985)”, en Félix Córdoba Rodríguez / Ernesto González Seoane / María Dolores Sánchez Palomino (eds.) (2014), pp. 167-184.
- Félix Córdoba Rodríguez / Ernesto González Seoane / María Dolores Sánchez Palomino (eds.) (2014): *Lexicografía de las lenguas románicas. I. Perspectiva histórica*. Berlin: De Gruyter Mouton, 332 pp.

19. TESOURO DO LÉXICO PATRIMONIAL GALEGO E PORTUGUÉS

IP: Rosario Álvarez

INVESTIGADORES: Ernesto González Seoane, María Álvarez de la Granja, Xulio Sousa Fernández

INVESTIGADORES EN FORMACIÓN: César Osorio Peláez, María Beatriz Domínguez Oroña, María Pilar López Suárez, Marta Negro Romero, Rosa Mouzo Villar

FINANCIAMENTO: Axudas de consolidación e estruturación de unidades de investigación do SUG, Secretaría Xeral de Universidades, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2013-2016).

ENTIDADES COLABORADORAS: Universidade de Coimbra (CELGA), Universidade de Lisboa (CLUL) [Portugal], Universidade Federal do Rio de Janeiro, Universidade Estadual de Londrina, Universidade Estadual do Ceará, Universidade Federal do Ceará, Universidade Federal do Maranhão, Universidade Federal de Mato Grosso do Sul, Universidade Federal de Mato Grosso, Universidade Federal do Pará, Universidade Estadual da Paraíba, Universidade Federal da Paraíba, Universidade Federal do Piauí, Universidade Federal de Santa Catarina, Universidade de São Paulo, Universidade Estadual de São

Paulo, Universidade Bandeirante de São Paulo, Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia de São Paulo, Universidade Federal de Uberlândia, Universidade Federal de Minas Gerais, Universidade Estadual de Minas Gerais, Pontifícia Universidade Católica de Minas Gerais, Universidade Estadual de Montes Claros [Brasil].

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/Tesouro/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2014

Durante o ano 2014 a actividade estivo centrada nas seguintes liñas de traballo:

- a. Coordinación xeral de todo o proxecto.
- b. Iniciación a distancia e asesoría permanente de investigadores brasileiros, con revisión das obras introducidas por diferentes equipos.
- c. Incorporación de novas obras galegas. No momento de redactar esta memoria o corpus galego consta de 54 obras, que dan un total de 25.389 lemas diferentes, sobre un total de 101405 rexistros galegos.
- d. Revisión exhaustiva do banco de datos, con especial atención á lematización.
- e. Inicio da revisión da clasificación semántica da base de datos.
- f. Actualización permanente da base de “corpus”.
- g. Ampliación significativa da base do servizo de “inventario”, sobre todo pola incorporación de fontes brasileiras.

Ademais, o ano 2014 estivo marcado polos seguintes resultados:

- a. Ampliación do grupo de traballo no Brasil, coa incorporación de 10 investigadores, das Universidades de São Paulo, Federal do Maranhão, Federal de Minas Gerais, Estadual de Minas Gerais, Pontifícia de Minas Gerais e Estadual de Montes Claros (MG). A rede de investigación no Brasil ampliouuse a 5 universidades, coa Universidade Federal de Uberlândia e as catro últimas da relación precedente.
- b. Reunións particulares cos responsables dos convenios coa UEL, a UFPA, a UFMA, a UFC, a UFMS e a UFPB. Inicio e seguimento da tramitación de convenios coa USP, a UFRJ e a UFBA.
- c. Con ocasión do III CIDS (Londrina, 10 de outubro), reunión do equipo internacional do *Tesouro*, con presenza dos representantes rexionais brasileiros e outros membros. Asisten investigadores dos centros conveniados (UFPA, UFMA, UFPB, UFC, UFMS, UEL) e dos centros en trámite (USP, UFRJ e UFBA). Tras un informe de situación, programáñanse actividades e o curso dos traballos ata fins de 2015.
- d. Estadía dun ano (feb. 2014-feb. 2015) da mestra Hélen Cristina da Silva da UEL, do equipo do *Tesouro*, bolsa do Programa de Doutorado Sanduíche no Exterior - (PDSE) – CAPES (codirectoras Vanderci Aguilera e Rosario Álvarez). Convenio de cotutela para a realización da tese de doutoramento asinado entre a USC e a UEL.

Estadía de 9 meses do mestre Marcelo Pires Dias, da UFPA, do equipo do *Tesouro*, cunha bolsa sanduíche (codirectores Marilúcia Oliveira e Rosario Álvarez / Xulio Sousa). Desde novembro de 2014.

- e. Cursos, seminarios, conferencias e outras actividades de Rosario Álvarez, en licencia por sabático, en centros universitarios brasileiros:

USP. Palestra e seminario promovidos polo Departamento de Linguística e o Grupo de Pesquisa em Dialetología e Geolinguística da Universidade de São Paulo, en

colaboración coa Cátedra de Estudos Galegos (coord. Irenilde Pereira dos Santos, Valéria Gil Condé). *Diálogo com Rosario Álvarez: o “Tesouro do léxico patrimonial galego e português”, um novo recurso dixital para o estudo da variação linguística.* Día 26 de marzo (4 horas).

UFRJ. Seminario de presentación do *Tesouro*, con presenza da Profa. Sílvia Figueiredo Brandão (UFRJ), coordinadora do comité brasileiro do proxecto. *O “Tesouro do léxico patrimonial galego e português”, um novo recurso dixital para o estudo da variação linguística.* Día 4 de abril (3 horas).

UFBA. Palestra por convite do Programa de Educação Tutorial-PET (coords. Juiana Soledade e Priscila Machado), no Auditório da Biblioteca Central da UFBA, para a presentación de *O “Tesouro do léxico patrimonial galego e português”, um novo recurso dixital para o estudo da variação linguística.* Día 7 de abril, 2 horas.

ADEMAIS, PUBLICÁRONSE UNHA SERIE DE TRABALLOS DERIVADOS DESTE PROXECTO

- *III Congresso Internacional de Dialetología e Sociolinguística* (Londrina, 4-12 de outubro). Simposio da rede de equipos do *Tesouro*: “Lexicografía dialetal na era digital: o *Tesouro do léxico patrimonial galego e português*”. Coordina Rosario Álvarez. Participan con mostras dos seus resultados membros de oito equipos distintos (ILG, CLUL [Lisboa], CELGA [Coimbra], UEL, UFMS, UFMA, UFMA, UFPB), aos que achegan dúas novas posibles incorporacións (UFBA, UFMG). Participa todo o equipo galego, con 4 investigadores presenciais que actúan en nome dos restantes:
 - Ernesto G. Seoane / Rosa Mouzo, “Apresentação do Projeto”. <<http://hdl.handle.net/10347/11904>>.
 - María Álvarez de la Granja / Marta Negro Romero, “O processo de lematização no *TLPGP*”. <<http://hdl.handle.net/10347/11903>>.
 - Ernesto G. Seoane / Beatriz Domínguez Oroña, “A Classificação Semântica”. <<http://hdl.handle.net/10347/11905>>.
 - Xulio Sousa, “A aplicação de consulta do *TLPGP*”.
 - Rosario Álvarez / Hélen Silva, “Léxico dialetal. A importância da distribución espacial da variação formal e semântica para outras disciplinas: uma das utilidades do *Tesouro*”. <<http://dspace.usc.es/handle/10347/12570>>.
- *XXX Encontro Nacional da APL* (Porto, 22-24 Outubro). Marta Negro Romero / Hélen Cristina da Silva: “A variação léxica das designações para pálpebra em galego e português (PE e PB)”.
- María Álvarez de la Granja (2014): “O tratamento das expresións pluriverbais no *Tesouro do Léxico patrimonial galego e portugués*”, en Julia Sevilla Muñoz (ed.), *Fraseología y léxico. Un enfoque contrastivo*. Lugo: Axac, 123-136.

TRABALLOS ACADÉMICOS RELACIONADOS

- Presentación do Traballo de Fin de Grao de Manuel Novo Sánchez *O galego en Zolle (Guntín) no Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués. Edición dos materiais e análise de lemas e variantes*. Dra.: María Álvarez de la Granja (curso 2012/2013, defensa en febreiro de 2014).

20. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (TMILG)

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Lucía Doval Iglesias, Ricardo Pichel Gotérrez

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: RILG (<http://sli.uvigo.es/RILG/>)

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/tmilg>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2014

Forma parte do *Tesouro Medieval Galego-Portugués*, o corpus lingüístico medieval de Galicia e Portugal. Dentro del englobase no *Xelmírez*, que representa a ponla galaica das bases de datos do *Tesouro*. Nela acolle os textos medievais en romance galego.

A mecánica de traballo no *Xelmírez* aborda os textos en dúas fases sucesivas. Primeiramente dixitalízanse os textos (mediante OCR ou mediante picado manual, co conseguinte labor de revisión e corrección) e aplícaselles unha pre-DTD nun formato básico (TXT). Esta versión permite un primeiro e valioso aproveitamento das obras antes de seren preparadas para o seu procesamento masivo (por exemplo, a marcase topónimica e a elaboración dos inventarios topónimicos). O aproveitamento masivo só é posible na segunda fase, na que son sometidos ao estándar XML. Ao longo do ano 2014, de acordo co plan de traballo establecido de antemán, revisáronse integralmente (textos e codificacións diplomática e lingüística) os documentos de tres cartularios correspondentes a tres centros de producción de máxima relevancia da Galicia medieval: os mosteiros de Samos e Celanova e a catedral de Mondoñedo. Foron obxecto de revisión e corrección as dúas versións, a TXT e a XML. No marco da segunda fase, que leva as obras á versión definitiva para o seu aproveitamento masivo a través de Internet, convertéronse algunas das obras preparadas en formato TXT (con referencias COCOA) con anterioridade: os tombos de Sobrado dos Monxes, o Tombo Vello de San Pedro de Montes e a colección diplomática do mosteiro de San Martiño de Xuvia.

Está coordinado con outros proxectos propios do ILG e con proxectos doutras universidades. Da súa parte o equipo do TMILG, xuntamente co do TILG e os dos diccionarios de diccionarios (moderno e medieval), mantén relación estable co equipo do Seminario de Lingüística Informática Universidade de Vigo, co que comparte a plataforma RILG.

O traballo do equipo visibilizouse no *III Colloquio Internacional sobre Corpus Diacrónicos en Lenguas Iberorrománicas (CODILI3)* (Universidade de Zurich-Suíza, xuño de 2014), ao que achegou relatorio Eduardo Moscoso (“O estado actual dos proxectos de córpores históricos hispánicos. O corpus do galego medieval (TMILG)”.

Un bo índice de medida do grao de utilidade dos resultados do proxecto é o cómputo de sesións e consultas recibidas pola súa aplicación informática na rede. A 31 de decembro de 2014 sumaba, acumulativamente desde a súa posta en marcha, 21.460 sesións e 117.075 consultas.

21. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA CASTELÁ-GALICIA (TMILC-G)

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Raquel Alonso Parada, Lucía Doval Iglesias, Ricardo Pichel Gotérrez

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: RILG (<http://sli.uvigo.es/RILG/>)

PÁGINA WEB: <http://sli.uvigo.es/xelmirez/index.html>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2014

Forma parte do *Tesouro Medieval Galego-Portugués*, o corpus lingüístico medieval de Galicia e Portugal. Dentro del englobase no *Xelmírez*, que representa a ponla galaica das bases de datos do *Tesouro*. Nela acolle os textos medievais en romance castelán.

En 2014 codificáronse e preparáronse os documentos ou fragmentos en castelán das obras incorporadas ao XELMÍREZ.

22. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA LATINA-GALICIA (TEMILL-G)

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Lucía Doval Iglesias

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: RILG (<http://sli.uvigo.es/RILG/>), LEMA (proxecto MINECO dirixido por Ana Suárez (USC) (<http://ilg.usc.es/LEMA/>))

PÁGINA WEB: <http://sli.uvigo.es/xelmirez/index.html>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2014

Forma parte do *Tesouro Medieval Galego-Portugués*, o corpus lingüístico medieval de Galicia e Portugal. Dentro del englobase no *Xelmírez*, que representa a ponla galaica das bases de datos do *Tesouro*. Nela acolle os textos medievais en latín.

Codificáronse e preparáronse os documentos ou fragmentos en latín das obras incorporadas ao XELMÍREZ e das obras convertidas ao formato XML (véxase TMILG).

O equipo de traballo do TMILL-G mantén relación de colaboración co equipo do proxecto *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae-CODOLGA* (Centro Ramón Piñeiro). O sentido desta colaboración é o de compartir recursos e materiais textuais de interese mutuo. Na actualidade están a realizar conxuntamente a informatización da colección documental do mosteiro bieito de San Vicenzo do Pino (Monforte de Lemos), que contén documentación latina e romance.

23. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA PORTUGUESA (TMILP)

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Lucía Doval Iglesias, Eduardo Moscoso Mato, Ricardo Pichel Gotérrez

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: Corpus Informatizado do Português Medieval (Maria Francisca Xavier - Universidade Nova de Lisboa) (<http://cipm.fcsh.unl.pt/>)

24. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA LATINA-PORTUGAL (TMILL-P)

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Lucía Doval Iglesias, Eduardo Moscoso Mato, Ricardo Pichel Gotérrez

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

B. PROXECTOS PROMOVIDOS POR OUTRAS INSTITUCIÓNS

1. ADQUISICIÓN DE ESCENARIOS DE CONOCIMIENTO A TRAVÉS DE LA LECTURA DE TEXTOS: DESARROLLO Y APLICACIÓN DE RECURSOS PARA EL PROCESAMIENTO LINGÜÍSTICO DEL GALLEGO (SKATER-UVIGO)

IP: Xavier Gómez Guinovart

ORGANISMO: Universidade de Vigo

FINANCIAMENTO: Ministerio de Economía y Competitividad (TIN2012-38584-C06-04)

CONTÍA DA SUBVENCIÓN: 22.340 euros

NÚMERO DE INVESTIGADORES PARTICIPANTES: 6

DURACIÓN: desde 01/01/2013 ata 31/12/2015

PARTICIPANTES ILG: María Álvarez de la Granja, Alexandre Rodríguez Guerra

2. GALLAECIAE MONUMENTA HISTORICA

IP: Rosario Álvarez

ORGANISMO: Consello da Cultura Galega

WEB: <http://gmh.consellodacultura.org/nc/>

PARTICIPANTES ILG: Rosario Álvarez, Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Henrique Monteagudo Romero

3. DICTIONNAIRE ÉTYMOLOGIQUE ROMAN (DÉROM). DEUXIÈME PHASE: LE NOYAU PANROMAN 2

IP: Eva Buchi & Wolfgang Schweickard

ENTIDADES PARTICIPANTES: ATILF (CNRS) / Univ. Lorraine; Univ. Saarlandes (coords.)

FINANCIAMENTO: ANR/DF - Programme franco-allemand en Sciences Humaines et Sociales

CONTÍA DA SUBVENCIÓN: 368.000 €

NÚMERO DE INVESTIGADORES PARTICIPANTES: 51

DURACIÓN: 2012-2014

PARTICIPANTES ILG: Ana Isabel Boullón Agrelo

4. LIBROS, MEMORIA Y ARCHIVOS: CULTURA ESCRITA EN MONASTERIOS CISTERCIENSES DEL NOROESTE PENINSULAR (SS. XII Y XIII)

IP: Ana Isabel Suárez González (Facultade de Historia - USC)

FINANCIAMENTO: Ministerio de Educación y Ciencia (HAR2013-40410-P)

DURACIÓN: 01/01/2014 - 31/12/2016

PARTICIPANTES ILG: Xavier Varela Barreiro e Ricardo Pichel Gotérrez

5. PROYECTO DE RECOPILACIÓN, ANÁLISIS Y NORMALIZACIÓN DE LA TOPONIMIA ANDALUZA

IP: M^a Dolores Gordón Peral

ORGANISMO: Universidade de Sevilla

FINANCIAMIENTO: Junta de Andalucía

PARTICIPANTES ILG: Ana Isabel Boullón Agrelo

PÁGINA WEB: http://investigacion.us.es/sisisus/sis_proyecto.php?idproy=16068.

6. PEDRO DE BARCELOS E A MONARQUIA CASTELHANO-LEONESA. ESTUDO E EDIÇÃO DA SECÇÃO FINAL INÉDITA DA CRÓNICA DE 1344

IP: Maria do Rosário Ferreira (Universidade do Porto)

DURACIÓN: 01/06/2014 - 31/05/2015

PARTICIPANTES ILG: Ricardo Pichel Gotérrez

7. CORPUS DE REFERENCIA DO GALEGO ACTUAL (CORGA)

IP: María Sol López Martínez

FINANCIAMIENTO: Convenio da USC co Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades 2013-2015

DURACIÓN: 2013-2015

PARTICIPANTES ILG: María Sol López Martínez

PÁGINA WEB: <http://corpus.cirp.es/corga/> [versión 1.6] (Corpus sen etiquetar)

<http://corpus.cirp.es/corgaetq/> [versión 2.5] (Corpus etiquetado)

<http://corpus.cirp.es/xiada/> [versión 2.5] (Etiquetador lematizador Xiada)

8. COBRIR O CORPO

IP: Paula Godinho

ORGANISMO: Instituto de Estudos de Literatura Tradicional (IELT)

PARTICIPANTE ILG: Marta Negro Romero

Consultas da páxina web do centro

A seguir ofrécese unha taboa coas consultas á páxina do ILG nesta anualidade:

ENDEREZO WEB	USUARIOS	VISITAS	PÁGINAS VISTAS
Web do ILG http://ilg.usc.es/gl	18.811	30.621 (58,65% novas)	89.524
Índices do Atlas Lingüístico Galego http://ilg.usc.es/indices/	958	1.293 (72,47% novas)	5.521
Portal de Ditados Tópicos Galegos http://ilg.usc.es/ditados/	640	812 (77,83% novas)	3.271
Cartografía dos Apelidos de Galicia http://ilg.usc.es/cag/	18.794	26.286 (69,65% novas)	178.727
AMPER-Galicia http://ilg.usc.es/amper/	259	431 (58,47% novas)	2.613
Asociación Galega de Onomástica http://ilg.usc.es/agon/	2.081	3.322 (60,69% novas)	6.709
Arquivo do Galego Oral http://ilg.usc.es/ago/	1.166	1.860 (61,02% novas)	4.193
Diccionario de pronuncia da lingua galega http://ilg.usc.es/pronuncia/	6.620	12.852 (48,72% novas)	94.473
FOLERPA http://ilg.usc.es/FOLERPA/	161	317 (50,16% novas)	1.502
Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués http://ilg.usc.es/Tesouro/	2.056	5.769 (33,91% novas)	50.889
Tesouro Informatizado da Lingua Galega http://ilg.usc.es/TILG/	3.737	8.560 (43,00% novas)	35.814
Ránking dos nomes más populares en Galicia (2000-2013) http://ilg.usc.es/nomes_galicia/	1.894	2.387 (78,30% novas)	4.974

Presenza no Repositorio Minerva

O repositorio Minerva da USC (<https://dspace.usc.es/>), no que se reúne a producción científica desta institución académica, arrequentouse en 2014 cun bo número de traballos académicos do persoal do ILG. Na actualidade, Minerva dispón de máis de 370 traballos realizados polo persoal investigador do Instituto da Lingua Galega. A achega do Instituto (<https://dspace.usc.es/handle/10347/2971>) abrangue desde libros e capítulos de libros e artigos en revistas ata pósters e presentacións en congresos.

Este volume de contribucións sitúa o ILG como un dos departamentos da USC que maior número de traballos comparten na plataforma Minerva, por riba da mayoría das facultades e doutros organismos dependentes da universidade compostelá. As contribucións incorporadas ao repositorio van desde os realizados no ano 1974 ata mesmo 2015, e poden consultarse libremente. É intención do ILG recadar no respositorio a colección completa dos traballos dos investigadores que no pasado e na actualidade estiveron vinculados ao centro.

Organización de cursos, conferencias e encontros lingüísticos

A. CURSOS DE VERÁN DE LINGUA E CULTURA GALEGAS PARA PERSOAS DE FÓRA DE GALICIA. XXVII EDICIÓN

DIRECTOR: Xosé Luís Regueira Fernández

SECRETARIA: Noemi Basanta Llanes

Entre o día 2 e o día 24 do mes de xullo tivo lugar a 27^a edición dos cursos de verán, que neste ano foron realizados por 63 persoas procedentes de 22 países:

- Alemaña (4), Arabia Saudita (3), A Arxentina (1), O Brasil (7), Bulgaria (1), Chile (1), Croacia (2), Os Estados Unidos de América (5), Grecia (1), Hungría (1), Iraq (1), Irlanda (1), Italia (1), Marrocos (1), Polonia (5), Portugal (3), O Reino Unido (3), Chequia (2), Romanía (2), Rusia (1), Suíza (2).
- As 15 persoas de nacionalidade española procedían de 6 comunidades: Asturias (2), Cataluña (6), Estremadura (1), Madrid (3), País Vasco (1), Comunidade Valencíá (2).

Este alumnado foi distribuído en tres niveis:

- Nivel elemental: 30 persoas, repartidas en dous grupos, Elemental 1, con 16 persoas, e Elemental 2, con 14 estudiantes.
- Nivel medio: 17 estudiantes
- Nivel superior: 16 estudiantes

O profesorado encargado da docencia foi:

- Elemental 1: Alba Aguet Cajiao (clases teóricas), Carolina Pérez Capelo e Rosa Mouzo Villar (clases prácticas)
- Elemental 2: Lidia López Teixeiro (clases teóricas) e Sandra Beis Silva (clases prácticas)
- Medio: Carme Pazos Balado (clases teóricas) e Ana Fachal Fraguela (clases prácticas)
- Superior, composto polos seminarios:
 - a. Temas de lingüística galega: Francisco Dubert García
 - b. Variación e cambio lingüístico no galego actual: Rosario Álvarez

- c. Formación e historia social da lingua galega: Carme Hermida Gulías
- d. Leccións de literatura galega contemporánea: Xosé Manuel Salgado Rodríguez

O alumnado dos niveis inicial e medio asistiron a clases teóricas e a clases prácticas obligatorias, ás que tamén asistiron voluntariamente persoas do curso superior.

Durante estas tres semanas, o alumnado accedeu á biblioteca do ILG, atendida por Florentina Xoubanova, coa asistencia da secretaria e das profesoras, para consultar bibliografía e realizar traballos. Ademais, a secretaria dos cursos, Noemi Basanta, creou un blog (<http://cursoslinguagalega.wordpress.com/>) para que o alumnado dispuxese en todo momento dos programas, de información sobre as conferencias e actividades complementarias, e tamén para que o profesorado compartise co alumnado diversos materiais docentes para a súa utilización nas clases.

Impartíronse as seguintes conferencias:

- Belén Regueira “O código fonte audiovisual do galego: De Sue Ellen á Bertolina”
- Xesús Alonso Montero: “Problemática social no cancioneiro popular galego da tradición oral”
- Xosé Manuel Pereiro: “Os medios de comunicación e o idioma galego, esa tensión non resolta”
- Agustín Fernández Paz: “Escribir desde o centro do mundo”
- Francisco Fernández Rei: “A situación do galego e das outras linguas minorizadas do Estado español”
- Luís Iglesia: “Audiovisual galego: ser ou non ser”
- Xabier Díaz “Aquí conto e aquí canto”
- Quico Cadaval: “O teatro galego hoxe”
- Xosé R. Barreiro Fernández: “A construcción da identidade galega na súa perspectiva histórica”
- Manuel Gago: “Pasados 2.0: como as comunidades locais galegas recuperan a súa memoria”
- Henrique Monteagudo: “Lingua e sociedade en Galicia hoxe”
- Manuel González: “PUNTOGAL, un dominio para a lingua e a cultura galegas en Internet”

Outras actividades:

- a. Cinema:
 - *A mariñeira*, seguida cun coloquio co seu director, Antón Dobao.
 - *Invasor*, dirixida por Daniel Calparsoro.
- b. Narración oral: María da Pontraghá (bar *A Gramola*)
- c. Recital de poesía: Anxo Angueira, Dores Tembrás, Elvira Riveiro e Estíbaliz Espinosa. Organizado por Gonzalo Hermo (bar *A Gramola*)
- d. Concierto: Escola Cantigas e Agarimos (bar *Casa das Crechas*)

- e. Visitas:
- Museo do Pobo Galego, guiada polo prof. Francisco Fernández Rei
 - Cidade da Cultura, con guía oficial e as profesoras Ana Fachal e Came Pazos
- f. Encontro de confraternización, no parque de Bonaval, con picnic, queimada e cancións das diferentes culturas representadas no curso.
- g. Xornada de inmersión lingüística e cultural: visita a lugares emblemáticos da Costa da Morte e da Terra de Soneira, guiados polo prof. Xosé María Lema. Visitouse Muros, o hórreos de Carnota, Fisterra e o seu Museo do Mar (guiada por Francisco López), A Nosa Señora da Barca, Muxía, Dombate e Castro de Borneiro.

O curso foi inaugurado e clausurado cos correspondentes actos oficiais. O acto de apertura tivo lugar o 3 de xullo no salón de actos da Facultade de Filosofía, presidido polo reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Juan Viaño Rey, e coa participación do presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, o secretario xeral de política lingüística da Xunta de Galicia, Valentín García Gómez, o director do Instituto da Lingua Galega, Ernesto González Seoane, e o director dos cursos, Xosé Luís Regueira Fernández.

O acto de clausura celebrouse o día 24 de xullo no mesmo lugar, presidido polo vice-reitor de internacionalización da USC, Carlos Salgado López, e coa intervención do presidente da RAG, Xesús Alonso Montero, o secretario xeral de política lingüística, Valentín García Gómez, o secretario do ILG, Xulio Sousa Fernández, e o director dos cursos, Xosé Luís Regueira Fernández. Neste acto fixose entrega dos diplomas de asistencia e de aptitude ao alumnado, así como de exemplares de obras da literatura galega, doados pola Biblioteca de Galicia.

B. SIMPOSIO ILG 2014: A LINGUA GALEGA NO SOLPOR DA IDADE MEDIA

O Simposio *A lingua galega no solpor da Idade Media* desenvolveuse en Santiago de Compostela entre o 13 e o 22 de novembro de 2014 e foi organizado polo Instituto da Lingua Galega, en colaboración co Consello da Cultura Galega.

COMITÉ ORGANIZADOR: Lucía Doval Iglesias (USC), Gonzalo Hermo González (USC), Ramón Mariño Paz (USC), Eduardo Moscoso Mato (USC), Xavier Varela Barreiro (USC).

COMITÉ CIENTÍFICO: Rosario Álvarez (ILG-USC), Juan Carrasco González (UEx), Francisco Fernández Rei (ILG-USC), Manuel Ferreiro Fernández (UdC), Juan Sánchez Méndez (Univ. Neuchâtel)

Neste simposio levouse a cabo unha reflexión sobre o ocaso do cultivo escrito do galego ao final do Medievo. Neste sentido, continuou a liña iniciada no simposio do 2005 (*Na nosa lyngoaage galega*) en que se tratou sobre o xurdimento do galego como lingua escrita na Baixa Idade Media.

Nas dúas primeiras xornadas o simposio centrouse no contexto histórico e sociolingüístico en que se produciu a perda de uso escrito da nosa lingua, prestando atención ás dinámicas sociais e políticas da Galicia da época e tamén ás diversas situacions en que daquela se encontraban o castelán, o portugués, o asturiano e o catalán. As outras tres xornadas dedicáronse específicamente á lingua galega tardomedieval, quer para analizar os seus declinantes usos escritos, literarios e non literarios, quer para presentar algúns dos cambios internos en que daquela estaba inmersa.

A asistencia foi elevada, pois ademais dos 38 matriculados, asistiron outras persoas interesadas nesta temática.

<http://ilg.usc.es/gl/actividades/simposio-ilg-2014>

3. CURSO BÁSICO DE ESTATÍSTICA PARA LINGÜISTAS

O Instituto da Lingua Galega, en colaboración coa Rede de investigación Tecnoloxía e análise dos datos lingüísticos, o Grupo de investigación Filoloxía e Lingüística Galega (GI-1743) e o Grupo de investigación Modelos de Optimización, Decisión, Estatística e Aplicacións (GI-1914), organizou un *Curso básico de estatística para lingüistas*. O obxectivo desta actividade, realizada entre o 14 e o 22 de xaneiro de 2014, foi familiarizar os lingüistas coas técnicas estadísticas básicas que se utilizan habitualmente nas súas áreas de investigación (fonética, lingüística de corpus, sociolingüística, onomástica, variación lingüística, etc.).

O curso, dirixido a profesorado, investigadores en formación e alumnado de máster e doutoramento, organizouse en varios módulos nos que se presentaron os métodos clásicos da estatística descriptiva (módulo 1) e da estatística inferencial (módulo 2), o estudo da correlación entre variables e os modelos de regresión (módulo 3) e as técnicas básicas da análise multivariante (módulo 4). Cada un destes módulos constou dunha sesión teórica (impartida pola profesora Rosa Crujeiras), na que se introduciron os distintos métodos estadísticos, e unha sesión práctica (impartida polas profesoras Adela Martínez Calvo e M^a José Ginzo Villamayor), na que se aplicaron estes métodos a exemplos prácticos.

<http://ilg.usc.es/gl/actividades/curso-basico-de-estatistica-para-linguistas-0>

4. CURSO DE XESTIÓN EFICAZ DE TEMPO

Os días 3 e 4 de xullo de 2014, o consultor Javier Montes Pardo impartiu no ILG un curso sobre a xestión eficaz do tempo. Mediante metodoxías de aprendizaxe baseadas na acción, os membros do ILG recibiron formación teórico-práctica sobre como consolidar o tempo e como depurar as actividades para mellorar o rendemento. Deste curso xurdiron unha serie de compromisos que, mediante un plan de acción, se foron implementando paulatinamente.

http://ilg.usc.es/gl/system/files/documentos/obradoiro_xestiontempo_documento_final.pdf

A actividade dos investigadores

A. COMUNICACIÓN EN CONGRESOS E ENCONTROS CIENTÍFICOS

Aguete Cajiao, Alba (2014): "Duración del gesto articulatorio en las vocales medias del gallego. Estudio perceptivo". *VI Congreso Internacional de Fonética Experimental*. Universitat de València. Valencia, 5-7 novembro 2014. <https://dspace.usc.es/bitstream/10347/11930/3/Duracion_gesto_articulatorio_vocales_medias.pdf>.

Aguete Cajiao, Alba (2014): "FOLERPA. Una herramienta de creación de test de percepción". *30 Forum Junge Romanistik: Räume der Romania*. Universität Bern. Suíza, 27-29 marzo 2014. <https://dspace.usc.es/bitstream/10347/11846/1/30_ForumJungeRomanistik_Alba.pdf>.

Aguete Cajiao, Alba = Fernández Rei, Elisa / Alba Aguete Cajiao / César Osorio Peláez. Álvarez, Rosario / Ernesto González Seoane (2014): "Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna". *Codili3. Drittes Internationales Kolloquium zu historischen Corpora der Iberoromanischen Sprachen*. Zürich: 23-25 xuño 2014.

Álvarez de la Granja, María / Marta Negro Romero (2014): "O proceso de lematización no Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués". *III Congresso International de Dialetologia e Sociolinguística*. Universidade Estadual de Londrina. Londrina (Brasil), 7-10 outubro 2014.

Álvarez, Rosario (2014): Participación na mesa redonda "Atlas Românicos. O Atlas Lingüístico Galego (ALGa)", celebrada no *III Congresso International de Dialetologia e Sociolinguística. Variação, atitudes linguísticas e ensino. Homenagem a Jacyra Andrade Mota e Suzana Alice Marcelino Cardoso*, organizado pola Universidade Estadual de Londrina e a Universidade Federal da Bahia. Londrina (Paraná, Brasil), 7-10 outubro 2014.

Álvarez, Rosario / Hélen Cristina da Silva (2014): "Léxico dialetal. A importânci da distribución espacial da variação formal e semántica para outras disciplinas". *III Congresso International de Dialetologia e Sociolinguística. Variação, atitudes linguísticas e ensino. Homenagem a Jacyra Andrade Mota e Suzana Alice Marcelino Cardoso*, organizado pola Universidade Estadual de Londrina e a Universidade Federal da Bahia. Londrina (Paraná, Brasil), 7-10 outubro 2014.

Basanta Llanes, Noemí (2014): "Estructura prosódica de la conversación: revisión de los turnos de palabra y los significados del habla simultánea", *VI Congreso International de Fonética Experimental*. Valencia, 5-7 novembro 2014.

- Basanta Llanes, Noemi (2014): "Identidad de género y Didáctica de las lenguas. Aproximación al enfoque comunicativo desde el Análisis del Discurso". *II Congreso Internacional Nebrija en Lingüística Aplicada a la Enseñanza de Lenguas: En camino hacia el plurilingüismo*. Madrid, 26-28 xuño 2014.
- Basanta Llanes, Noemi (2014): "Identity trouble: do xénero á performance". *XVI Forum for Iberian Studies: Cultural and linguistic diversity in the Iberian Peninsula*. Oxford, 20-21 marzo 2014.
- Basanta Llanes, Noemi (2014): "Lingua e xénero na conversación" [Póster]. *II Encontro da Mocidade Investigadora (EDI-USC)*. Santiago de Compostela, 29-31 xaneiro 2014.
- Basanta Llanes, Noemi (2014): "Pluralidad discursiva y estereotipos sociales: las construcciones de género a través del discurso". *I Simposium Internacional EDiSo 2014*. Sevilla, 15-16 maio 2014.
- Basanta Llanes, Noemi = García-Mateo, Carmen / Antonio Cardenal / Xosé Luís Regueira / Elisa Fernández Rei / Marta Martínez / Roberto Seara / Rocío Varela / Noemi Basanta.
- Cidrás Escáneo, Francisco A. (2014): "O ensino da lingua e literatura galegas na universidade. Situación e perspectivas de futuro". *Xornadas de lingua e literatura galgas no ensino*. 22 febreiro 2014.
- Corral Pérez, Isabel (2014): "La Educación Intercultural Bilingüe en Hispanoamérica a través de las leyes de educación. Estudio de casos". *III Congreso Internacional Multidisciplinar de Investigación Educativa*. Segovia, 3-4 julio 2014.
- Corral Pérez, Isabel (2014): "La vulneración de los derechos lingüísticos de las minorías como una forma de violencia". *X Curso de Primavera USC: A violencia na cultura e na historia*. Lugo, 22-25 abril 2014.
- Corral Pérez, Isabel (2014): "Reconocimiento constitucional de las lenguas en la América hispana y su aplicación en el ámbito educativo: una aproximación sincrónica a través del estudio de cinco casos concretos [Póster]". *Encontro da Mocidade Investigadora (EDI-USC)*. Santiago de Compostela, 29-31 xaneiro 2014.
- Domínguez Oroña, María Beatriz / Ernesto Xosé González Seoane (2014): "A classificación semántica". *III CIDS – Congresso Internacional de Dialetología e Sociolinguística. Simposio “Lexicografía dialetal na era digital: o Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués”*. Universidade Estadual de Londrina (UEL). Londrina (Paraná, Brasil), 7-10 outubro 2014. <<http://hdl.handle.net/10347/11905>>.
- Domínguez Oroña, María Beatriz (2014): "Unha aproximación á autotradución de textos literarios en Galicia". *XVI Forum for Iberian Studies: Cultural and linguistic diversity in the Iberian Peninsula*. Oxford, 20-21 marzo 2014.
- Doval Iglesias, Lucía = Hermo González, Gonzalo / Doval Iglesias, Lucía.
- Dubert García, Francisco (2014): "Castellano y nivelación dialectal en el gallego de Santiago de Compostela". *XLIII Simposio Internacional de la Sociedad Española de Lingüística*. Ciudad Real, 20-23 xaneiro 2014. <<http://www.sel.edu.es/?q=node/182>>.
- Fernández Rei, Elisa / Alba Aguete Cajiao / César Osorio Peláez (2014): "FOLERPA: herramienta on-line para el desarrollo de experimentos perceptivos". *VI Congreso Internacional de Fonética Experimental*. Universitat de València. Valencia, 5-7 novembro 2014. <https://dspace.usc.es/bitstream/10347/11902/1/FOLERPA_ElisaFernandezRei_AlbaAgueteCajiao_CesarOsorioPelaez.pdf>.

- Fernández Rei, Elisa (2014): "Entonación dialectal del gallego: análisis dialectométrico y aproximación perceptiva". Participación convidada na mesa redonda: *Entonación y variación dialectal* (coord. Dolors Font). *VI Congreso Internacional de Fonética Experimental*. Universitat de València. Valencia, 5-7 novembro 2014.
- Fernández Rei, Elisa / Lurdes de Castro Moutinho / Rosa Lídia Coimbra (2014): "Contributos para um estudo percetivo da entoação portuguesa e galega" [Póster]. *III Jornadas de Ciências da Linguagem*. Aveiro (Portugal), 9 xullo 2014.
- Fernández Rei, Elisa = García-Mateo, Carmen / Antonio Cardenal / Xosé Luís Regueira / Elisa Fernández Rei / Marta Martínez / Roberto Seara / Rocío Varela / Noemi Basanta.
- Fernández Rei, Francisco (2014): Participación na mesa redonda *Experiencias de estandarización: problemas y soluciones (gallego, español, euskara, catalán)*. Moderador: Emilio Prieto de los Mozos (Univ. de Salamanca); intervencions de Maria Joseps Cuenca (Institut d'Estudis Catalans e Universitat de València), Francisco Fernández Rei (RAG e USC), Salvador Gutiérrez Ordóñez (RAE e Universidad de León) e Patxi Salaberri (Euskaltzaindia e Universidad Pública de Navarra/Nafarroako Unibertsitatea Pública). *XI Congreso Internacional de Lingüística General*. Pamplona, 21-23 maio 2014.
- García García, Ana (2014): "A aprendizaxe da lingua propia como lingua estranxeira: o caso de persoas adultas galegofalantes". *XVI Forum for Iberian Studies: Cultural and linguistic diversity in the Iberian Peninsula*, Oxford, 20-21 marzo 2014.
- García García, Ana (2014): "A impostura da imposición lingüística en Galiza: datos sobre a implantación no imaginario colectivo [Póster]". *I Simposium Internacional EDiSo 2014*, Sevilla, 15-16 maio 2014.
- García-Mateo, Carmen / Antonio Cardenal / Xosé Luís Regueira / Elisa Fernández Rei / Marta Martínez / Roberto Seara / Rocío Varela / Noemi Basanta (2014): "CORIL-GA: a Galician Multilevel Annotated Speech Corpus for Linguistic Analysis" [Póster]. *LREC 2014, 9th Edition of Language Resources and Evaluation Conference*. Reykjavik (Iceland), 26-31 May 2014.
- González Seoane, Ernesto Xosé / Gabriel Rei-Doval (2014): "Language Standardization, Purism, and Ideologies. A Historiographical Approach to Galician Grammar and Lexicography in the 19th Century". *7th Workshop on Spanish Sociolinguistics*. University of Wisconsin-Madison, 3-5 abril 2014.
- González Seoane, Ernesto Xosé / Rosa Mouzo Villar (2014): "Apresentação do projeto". *III Congresso Internacional de Dialectologia e Sociolinguística*. Londrina (Paraná, Brasil), 7-10 outubro 2014.
- González Seoane, Ernesto Xosé = Domínguez Oroña, María Beatriz / Ernesto Xosé González Seoane.
- González Seoane, Ernesto Xosé = Álvarez, Rosario / Ernesto González Seoane.
- Hermo González, Gonzalo / Doval Iglesias, Lucía (2014): "A deturpación da toponimia na documentación instrumental de finais da Idade Media". En *Simpósio ILG 2014. A lingua galega do solpor da Idade Media*. Santiago de Compostela, 13 novembro – 22 novembro 2014.
- Loureiro Rodríguez, Eduardo (2014): "Variación e cambio lingüístico na comarca do Ribeiro: as variables -óns/-ós, -án/-au e -án/-á". *XXX Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Lingüística*. O Porto, 22-24 outubro 2014.

